

ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN "CONTORNO DO MIÑO"

TÍTULO I. DENOMINACIÓN E RÉXIME LEGAL

Artigo 1. Denominación

Constitúese a Asociación "Contorno do Miño"

A asociación carece de ánimo de lucro.

Os beneficios que obteña por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación, sen que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con fin lucrativo.

Artigo 2. Réxime legal

A asociación rexerese polo artigo 22 da Constitución, pola Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, polo Real Decreto 1497/2003, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento do rexistro nacional de asociacións e das súas relacións cos restantes rexistros de asociacións, por estes estatutos e polo regulamento de réxime interno que, de ser o caso, se aprobe, así como polos acordos validamente adoptados na asemblea xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia.

TÍTULO II. DOMICILIO SOCIAL E ÁMBITO DE ACTUACIÓN

Artigo 3. Domicilio

A asociación fixa o domicilio social en Centro de Empresas e Innovación do Concello de Lugo, no Concello de Lugo, contemplándose a posibilidade da creación de novas sedes, sempre de acordo cos órganos de representación da entidade, que tamén terán facultades para cambiar o domicilio da sede principal, así como o do resto das mesmas.

Artigo 4. Ámbito de actuación

A asociación terá como ámbito de actuación preferente o dos concellos de Lugo, Castroverde, Rábade, O Corgo, Guntín, Friol e Outeiro de Rei, na Provincia de Lugo, sen prexuízo de que poida estenderse por necesidades operativas dos seus programas e actividades.

TÍTULO III. FINS E ACTIVIDADES

Artigo 5. Fins e actividades

1.- A asociación constitúese coa finalidade de ser o núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais e económicos, tanto públicos como privados, interesados en promover o desenvolvemento do territorio de actuación, para acadar os seguintes fins:

- a) Vertebrar os diferentes sectores socioeconómicos e constituír un foro de debate continuo sobre os problemas da zona, prestando especial atención aos mozos, ás mulleres, á protección do entorno rural e do medioambiente e á creación de emprego.

- b) Sensibilizar as administracións locais, autonómica e estatal, así como as institucións comunitarias europeas, canalizando as demandas da poboación do territorio, co obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxenos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico e integral.
- c) Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao desenvolvemento socioeconómico do medio rural, tanto a nivel nacional coma internacional, centrándose esta labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos e iniciativas de interese para lograr un desenvolvemento harmónico, equilibrado, endógeno, sostible e integral.
- d) Posibilitar entre os asociados e outros interesados o intercambio de experiencias e metodoloxías de animación e desenvolvemento socioeconómico.
- e) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais, paisaxísticos, culturais, históricos e artísticos da zona.
- f) Concienciar á poboación da necesidade de protexer o ambiente e o contorno rural, e tomar parte activa niso, mediante actividades orixinais e innovadoras.
- g) Formular e transmitir á poboación a estratexia adecuada para lograr o desenvolvemento da zona, así como promover a súa aplicación, incentivando o uso das novas tecnoloxías.
- h) Articular unha dinámica de participación que facilite o desenvolvemento tanto social como económico.
- i) Desenvolvemento de estratexias activas de valorizacións de espazos e entornos xeográficos mediante a posta en marcha de proxectos, iniciativas ou programas específicos dos mesmos.

2.- Para acadar os ditos fins, a asociación poderá desenvolver as seguintes actividades:

- a) Desenvolver iniciativas dirixidas a frear o éxodo rural, así como a fomentar a creación de emprego.
- b) Sensibilizar o tecido socioeconómico da zona sobre os problemas, recursos, accións e proxectos que contribúan ao seu desenvolvemento.
- c) Organizar, promover, coordinar e realizar todo tipo de actividades socioculturais, así como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos aos problemas de desenvolvemento da zona, ademais de editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou informático, de carácter especializado, didáctico ou, simplemente, divulgativo.
- d) Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera actividade, programa ou proxecto relacionado cos obxectivos da asociación.
- e) Proxectar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acadar unha axeitada formación e posta ao día permanente de todos os colectivos vinculados ao desenvolvemento rural, especialmente dos membros da asociación, con especial incidencia no uso das novas tecnoloxías.
- f) Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a busca de liñas de actuación conxunta con entidades análogas, nacionais ou internacionais, para traballar en rede.
- g) Levar a cabo as campañas de difusión e publicidade que se estimen necesarias.
- h) Recoller, tratar, difundir e intercambiar documentación e información relativa ao desenvolvemento rural a través dos medios adecuados.
- i) Implicarse na xestión de programas de desenvolvemento do seu territorio.
- j) Promover directamente actuacións e proxectos que incidan no desenvolvemento do territorio de actuación.
- k) Calquera outra actividade que poida resultar necesaria ou consecuente coas anteriores.

TÍTULO IV. ASOCIADOS

Artigo 6. Composición

1.- A asociación "Contorno do Miño" estará integrada por un conxunto equilibrado e representativo dos interlocutores dos diferentes sectores socioeconómicos, tanto públicos como privados, con arraigo no ámbito de actuación da asociación, debendo ter tamén un carácter equilibrado e representativo no plano territorial. Non poderán formar parte da asociación as persoas físicas e as sociedades mercantís, excepto as seguintes entidades de economía social: cooperativas, sociedades agrarias de transformación e sociedades laborais. Rexerá o principio de portas abertas, de xeito que se garanta permanentemente a incorporación de asociados, fomentando a divulgación na procura e incorporación de tódolos axentes susceptibles de ser integrados na asociación

2.- A efectos de adopción de decisións, o sector privado, constituído polos axentes económicos e sociais así como por outros representantes da sociedade civil, deberá representar máis do 50% dos votos en todos os órganos de decisión.

Artigo 7. Adquisición da condición de asociado

1.- Para que unha entidade teña a condición de asociado deberá figurar na lista de fundadores ou ben, unha vez constituída a asociación, solicitar o ingreso mediante un escrito dirixido ao presidente no que manifieste a vontade expresa de adherirse á asociación e de comprometerse coa consecución dos fins estatutarios. Debe xuntar, ademais, unha certificación do acordo do órgano competente da entidade que exprese a vontade de ser asociado e a persoa que a representará na asociación, así como dos fins, actividades e ámbito de actuación.

2.- Cando un candidato a ser asociado non teña o seu domicilio social, sede ou delegación no ámbito de actuación desta asociación deberá demostrar que desenvolve unha actividade relevante e consolidada no tempo en dito ámbito territorial.

3.- Cando unha entidade solicite a entrada na asociación, unha vez constituída esta, deberá acreditar un ano de existencia no ámbito territorial da asociación.

4.- O presidente trasladará a solicitud á xunta directiva, que deberá resolver nun prazo non superior a dous meses dende a data de presentación, adscribindo a solicitante a unha das mesas sectoriais, segundo o seu interese preferente e tendo en conta os fins e obxecto do axente solicitante. Contra o acordo denegatorio da admisión ou da non inclusión na mesa solicitada, o solicitante poderá recorrer ante a primeira asemblea xeral que teña lugar, debendo figurar este asunto expresamente na orde do día correspondente.

5.- Non terán os dereitos derivados da condición de asociado, tanto os fundadores como os membros que se incorporen con posterioridade, mentres, unha vez establecida non satisfagan a cota de entrada e as débedas pendentes coa asociación.

Artigo 8. Perda da condición de asociado

A baixa da asociación por calquera motivo non exime ao asociado de satisfacer as obrigas e compromisos de calquera natureza que tivera pendentes.

Perderase a condición de asociado:

- a) Por decisión voluntaria do asociado, comunicada por escrito ao presidente.
- b) Por sanción imposta pola xunta directiva, de xeito motivado e con audiencia do interesado, por incumprimento grave ou reiterado das obrigas inherentes á condición de asociado. O acordo de expulsión notificarase por escrito e contra el caberá recurso ante a primeira asemblea xeral que se realice.
- c) Por extinción da persoa xurídica.

Artigo 9. Dereitos dos asociados

Os asociados teñen os seguintes dereitos:

- a) Elixir e ser elixidos para formar parte da xunta directiva e doutros órganos que se poidan crear.
- b) Participar con voz e con voto na asemblea xeral.
- c) Obter información sobre calquera aspecto da marcha da asociación que lle poda resultar de interese.
- d) Os demais que resulten das normas legais e dos estatutos da asociación, ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.
- e) Participar nas actividades da asociación.

Para poder participar na asemblea xeral e nas actividades da asociación será necesario estar ao corrente no pagamento das cotas.

Artigo 10. Obrigas dos asociados

Son obrigas dos asociados:

- a) Satisfacer a cota de entrada e a de mantemento.
- b) Asistir ás asembleas xerais e acatar os estatutos e os acordos validamente adoptados polos órganos sociais.
- c) Ocupar os cargos para os que resulten elixidos e desempeñar fielmente as obrigas inherentes a ditos cargos.
- d) Participar e realizar cantas tarefas lles sexan encomendadas pola asemblea xeral, a xunta directiva, as mesas sectoriais das que formen parte ou outros órganos que se creen.
- e) Ausentarse nos debates e votacións sobre asuntos nos que teñan interese directo por motivos de titularidade, económicos ou societarios, de parentesco até o terceiro grao de consanguinidade, afinidade ou adopción, ou de amizade íntima ou inimidade manifesta.
- f) Fomentar os obxectivos que promove a asociación.
- g) Cumprir os demais deberes que resulten dos preceptos legais e estatutarios ou dos acordos validamente adoptados polos seus órganos sociais.

TÍTULO V. ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11. Órganos da asociación

Os órganos colexiados da asociación son, como mínimo, a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.

Os órganos unipersoais son, como mínimo, o presidente, o vicepresidente, o secretario e o tesoureiro. Os titulares destes órganos son elixidos de entre os vocais que forman a Xunta Directiva, pola Asemblea Xeral, por un período de 3 anos, con posibilidade de reelección.

Artigo 12. Asemblea xeral: composición e funcións

1.- A asemblea xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e estará integrada por todos os asociados.

2.- A asemblea xeral é o órgano competente sobre os seguintes asuntos:

- a) Aprobación das contas do exercicio anterior e do orzamento do exercicio seguinte.
- b) Aprobación da memoria de actividades e das actividades a realizar.
- c) Solicitude de declaración de utilidade pública.
- d) Establecemento do número, composición e representatividade dos órganos da asociación que se creen.
- e) Nomeamento dos membros da xunta directiva e cesamento anticipado deles.

- f) Coñecemento sobre cantas cuestións afecten á boa marcha da entidade que sexan sometidas á súa consideración pola xunta directiva ou polos asociados como rogo ou pregunta.
- g) Constitución de federacións ou integración nelas.
- h) Acordar a contía das cotas de ingreso e periódicas e a súa forma de pagamento. A asemblea poderá acordar establecer importes diferentes para asociados públicos e privados. A contía da cota de ingreso será igual á achega fundacional, podendo a asemblea establecer unha actualización anual non superior ao IPC
- i) Aprobación do regulamento de réxime interior.
- j) Aprobación e modificación dos estatutos sociais.
- k) Disolución da asociación.
- l) Disposición ou alleamento de bens.

Artigo 13. Asemblea xeral: convocatorias

1.- A asemblea xeral reunirse con carácter ordinario cando menos unha vez ao ano para aprobar, como mínimo, as contas e os orzamentos. A convocatoria realizaraa o presidente con quince días naturais de antelación, polo menos, á data da reunión, achegando a orde do día coa convocatoria.

2.- A asemblea xeral reunirse con carácter extraordinario tras a convocatoria da xunta directiva, acordada por propia iniciativa desta ou cando o solicite un número de asociados non inferior ao 10%. A petición dos asociados realizarase mediante escrito dirixido ao presidente, autorizado coa sinatura dos peticionarios, no que se expoña o motivo da convocatoria e a proposta do orde do día. Cando non se convoque transcorridos dez días dende o da petición, os peticionarios poderán facer a convocatoria. A asemblea xeral así convocada poderá desenvolverse elixindo ao inicio dela un presidente e un secretario, en caso de non estar presentes ningún membro da xunta directiva.

3.- As asembleas xerais, tanto ordinarias coma extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando a elas concorran, presentes ou representados, a maioría dos asociados e, en segunda convocatoria, pasada media hora dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de asociados concurrentes. En todos os casos deberá cumprirse que os votos do sector privado representen máis do 50% dos votos totais.

4.- De cada unha das reunións realizadas levantarase a correspondente acta, que certificará o secretario co visto e prace do presidente.

Artigo 14. Asemblea xeral: adopción de acordos

1.- Cada asociado terá dereito a un voto.

2.- Os acordos sobre os asuntos sinalados nas letras a) a h) do apartado 2 do artigo 12 aprobaranse por maioría simple dos asociados presentes ou representados.

Non obstante, requirirase maioría dos dous terzos dos asociados presentes ou representados para decidir sobre os asuntos sinalados nas letras i) a l) do apartado 2 do artigo 12.

3.- Os acordos adoptados obrigarán a todos os asociados, incluso aos non asistentes. Os acordos acreditaranse mediante certificacións expedidas polo secretario co visto e prace do presidente.

Artigo 15. Xunta directiva: composición

1.- A xunta directiva da asociación estará formada polos representantes dos asociados elixidos pola asemblea xeral, en función da pertenza destes a cada mesa sectorial, de acordo coa

representatividade que a asemblea xeral lle outorgue a cada unha delas. Constará dun máximo de 21 membros. En todo caso, na xunta directiva deberán estar representadas, cando menos, as asociacións de mulleres, as asociacións de mozos, as organizacións profesionais agrarias e as cooperativas agrarias que formen parte da asociación. O número de representantes do sector privado sempre debe ser superior ao número de representantes do sector público.

2.- A elección da Xunta Directiva efectuarase previa presentación de candidaturas ante o órgano competente e onde o órgano competente decida ata 72 horas antes da celebración da Asemblea, e a continuación, unha vez admitidas as candidaturas pola Asemblea, procederase a súa votación mediante sufraxio secreto e co voto favorable dos asociados presentes ou representados con dereito a voto, e en todo caso da maioría absoluta.

3.- A elección dos membros da Xunta Directiva realizarase por un período de tres anos desde a súa toma de posesión.

3.- Os membros da xunta directiva cesarán nos seus cargos por falecemento, por renuncia voluntaria, por transcurso do prazo do mandato, pola extinción da entidade á que representen, por perder a condición de representante da entidade á que representen ou por acordo da asemblea xeral. O cesamento levará consigo a obriga de poñer ao día ao sucesor e, eventualmente, de entregarlle a documentación pertinente.

4.- As vacantes que se produzan na xunta directiva cubriranse cos representantes dos asociados que elixa a asemblea xeral segundo a mesa sectorial e o sector público ou privado ao que pertenza a vacante.

Artigo 16. Xunta Directiva: funcións

1.- A xunta directiva é o órgano con facultades xestoras, executivas e de representación da asociación.

2.- A xunta directiva é o órgano competente para:

- a) Executar os acordos da asemblea xeral.
- b) Acordar e executar as accións de goberno e administración da asociación.
- c) Propoñer ou conceder axudas no marco de programas ou proxectos que xestione a asociación.
- d) Adoptar as medidas precisas para o cumprimento dos fins estatutarios e, en xeral, para a boa marcha da asociación.
- e) Elaborar o informe económico anual, o orzamento, a memoria e o plano de actividades para a súa presentación na asemblea xeral.
- f) Interpretar os preceptos contidos nos estatutos e no regulamento de réxime interno, de habelo.
- g) Organizar e coordinar as actividades e distribuír os traballos e responsabilidades entre os asociados.
- h) Elaborar o regulamento de réxime interior.
- i) A admisión e separación de asociados.
- j) Cantas deriven da lexislación ou estatutos e, en xeral, cantas facultades non estean reservadas por aquela ou por estes a outros órganos sociais, así como as delegadas pola asemblea xeral.

Artigo 17. Xunta directiva: convocatoria e adopción de acordos

1.- A xunta directiva reunirase en calquera momento mediante convocatoria do presidente, por propia iniciativa ou a instancia motivada do 20% dos seus membros, que indicarán os asuntos a tratar por medio dunha proposta do orde do día.

2.- Entenderase validamente constituída en primeira convocatoria cando a ela concorran a maioría dos membros ou, en segunda convocatoria, pasada media hora dende a fixada para a reunión en primeira convocatoria, calquera que sexa o número de membros concorrentes. En

todos os casos os membros do sector privado deberán representar máis do 50% dos votos totais. Poderán asistir ás sesións da xunta directiva, con voz pero sen voto, persoas ou entidades alleas á xunta directiva cuxo asesoramento sexa de interese para a adopción de acordos.

3.- Os membros da xunta directiva, en caso de ausencia, poderán delegar, por escrito, noutros membros do sector público ou privado, segundo o sector ao que pertenza o ausente.

4.- No proceso de toma de decisións, cada membro da xunta directiva ostenta un voto.

5.- Os acordos adoptaranse por maioría simple.

Artigo 18. Presidente

O presidente ostenta a representación legal da asociación, tanto en xuízo coma fóra del, e ten voto de calidade en caso de empate nas votacións. Terá como funcións:

- a) Dirixir, ordenar e arbitrar os debates da asemblea xeral, da xunta directiva, así como convocar as súas reunións, presidilas e fixar a orde do día.
- b) Ordenar os gastos e pagamentos da entidade, asinando xunto co tesoureiro.
- c) Autorizar coa súa sinatura os escritos e comunicacións necesarios para o funcionamento da asociación, así como visar os documentos autorizados polo secretario, especialmente se teñen o carácter de certificacións.
- d) Asumir e realizar tantas encomendas como lle sexan encargadas por acordo da xunta directiva ou da asemblea xeral.
- e) Visar as actas das reunións e vixiar a execución dos acordos adoptados.
- f) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.
- g) Subscribir contratos a nome da asociación, outorgar poderes a terceiros, interpoñer reclamacións en vía administrativa e ante a xurisdición ordinaria e as especiais, aceptar donativos, legados e herdanzas a beneficio de inventario, exercitar accións e opoñer excepcións.
- h) Coordinar todas as actividades que constitúen o obxecto da asociación.
- i) Exercer a xefatura do cadro de persoal da entidade.

Artigo 19. Vicepresidente

O vicepresidente, en ausencia do presidente, exercerá todas as funcións e atribucións encomendadas a este.

Artigo 20. Secretario

Ao secretario correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Actuar exercendo como tal en todas as reunións.
- b) Custodiar os libros de actas e documentación da asociación, excepto os libros de contabilidade.
- c) Dirixir, organizar e coordinar o desenvolvemento das actividades administrativas da entidade.
- d) Redactar e anotar nos libros correspondentes as actas das reunións da asemblea xeral, da xunta directiva e da comisión permanente, se existe, así como expedir certificacións dos mesmos co visto e prace do presidente.
- e) Levar a correspondencia ordinaria, o rexistro e o ficheiro, así como custodiar os selos.
- f) Executar os acordos estatutariamente adoptados, baixo a supervisión do presidente,
- g) Redactar a memoria anual da asociación.

- h) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.

Artigo 21. Tesoureiro

Ao tesoureiro correspóndenlle as seguintes funcións:

- a) Recadar os fondos para a asociación e custodialos.
- b) Efectuar os pagamentos acordados polo presidente.
- c) Dirixir e ordenar a contabilidade, así como velar pola orde económica da asociación.
- d) Elaborar o orzamento anual de ingresos e gastos, así como os balances.
- e) Levar os libros de contabilidade e o inventario de bens.
- f) Todas aquelas que lle sexan atribuídas no regulamento de réxime interno.

Artigo 22. Mesas sectoriais

1.- Os asociados integrados na asemblea xeral organizaranse en seis mesas sectoriais, organizadas en torno aos seguintes ámbitos:

- a) Sector agrario, gandeiro e forestal.
- b) Asociacións de mulleres e asociacións xuvenís
- c) Asociacións deportivas e recreativas.
- d) Asociacións veciños e culturais.
- e) Sector de turismo, hostalería, artesanía e comercio
- f) Sector Institucional.

2.- As mesas sectoriais teñen como finalidade servir tanto de canle participativa na asociación dos actores implicados no desenvolvemento do territorio como de canle informativa das actividades da asociación. Nas mesas sectoriais porase en común a problemática do sector ao que representen e as actuacións de mellora, proxectos, iniciativas... que o sector poida concebir, para elevar propostas á asemblea xeral.

3.- A asemblea xeral poderá variar as mesas sectoriais segundo as novas demandas ou sectores que xurdan no territorio e decidirá o número de representantes que lle corresponderá a cada mesa sectorial na xunta directiva. Os representantes das mesas na xunta directiva serán elixidos pola asemblea xeral por proposta de cada mesa. A proposta deberá de vir avalada necesariamente por un número mínimo de 3 membros.

TÍTULO VI. RÉXIME ECONÓMICO E PATRIMONIAL

Artigo 23. Réxime económico e patrimonial

1.- No momento da súa constitución, a asociación carece de patrimonio fundacional.

2.- O patrimonio estará constituído polos ingresos provenientes de:

- a) Achegas económicas dos asociados.
- b) Doazóns, subvencións, legados e herdanzas.
- c) Resultados económicos que se podan producir polas actividades organizadas pola entidade.
- d) Outros ingresos permitidos pola lexislación vixente.

O exercicio económico pecharase o 31 de decembro de cada ano.

TÍTULO VII. MODIFICACIÓN E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 24. Modificación

A modificación dos Estatutos da Asociación poderá ser proposta á Asemblea Xeral, único órgano facultado para aprobala, pola Xunta Directiva ou por un número de asociados da Asemblea Xeral superior a un tercio da mesma.

A Asemblea Xeral poderá acordar a aprobación proposta de modificación de Estatutos, co voto favorable das dúas terceiras partes dos asociados presentes ou representados con dereito a voto, en todo caso, da maioría absoluta.

Artigo 25. Disolución

- 1.- A asociación establécese por tempo indefinido e poderá disolverse, no seu caso,
 - a) por sentenza xudicial,
 - b) por acordo tomado en Asemblea Xeral convocada ao efecto,
 - c) por carecer de recursos económicos para cubrir os gastos máis elementais,
 - d) por ter realizado o fin para o que se constituíu
 - e) polas demais causas que determina a lei.

Unha vez disolta a asociación procederase á súa liquidación.

- 2.- Se non se acordase outra cousa na asemblea xeral, actuarán como liquidadores tres dos membros da xunta directiva, nomeados por esta para esa función.

- 3.- A comisión liquidadora farase cargo do patrimonio existente e satisfará as obrigas pendentes, se as houbera. O remanente, no caso de que exista, será entregado a calquera entidade legalmente constituída que se dedique a idénticos fins ou, no seu defecto, análogos aos desta asociación.